

## **BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PROFESORES DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE FOZ.**

**PRIMEIRA. Obxecto.-** É obxecto das presentes Bases a regulación da Convocatoria e do proceso de selección mediante concurso-oposición para a contratación laboral temporal a tempo parcial dunha praza de **profesor de violín, 7 horas á semana** na Escola Municipal de Música dependente deste Concello.

**SEGUNDA. Requisitos dos aspirantes.-** Para optar ás prazas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias-solicitudes:

a) Ser español/a ou nacional doutro estado membro da Comunidade Europea, ou nacional dalgún estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, ou demais estranxeiros residentes legalmente en territorio español, de acordo co establecido no artigo 10 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade.

c) Estar en posesión do título que se sinala nas Bases específicas respectivas de cada convocatoria, ou en condicións de obtelo na data na que finalice o prazo de presentación de instancias (no caso de comunitarios ou estranxeiros a titulación haberá de estar validada polo órgano competente).

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenrolo das funcións correspondentes a ditas prazas. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da instancia adxunta ás presentes Bases).

e) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenrolo de funcións públicas por sentenza firme. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da Instancia adxunta ás presentes Bases).

f) Non estar incurso en ningunha das incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas sinaladas na lexislación vixente. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da Instancia adxunta ás presentes Bases). No caso de que exista algunha incompatibilidade manifestarase polo participante, para que sexa, se procede, autorizado polo Concello.

g) Estar en posesión do título CELGA IV ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 5.

**TERCEIRA. Instancias.-** As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo, na que os aspirantes deberán consignar nomes e apelidos, domicilio e documento nacional de identidade e manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base Segunda, referidas sempre á data de expiración do prazo que se sinala a continuación para a presentación de instancias, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Foz, e presentaranse no Rexistro Xeral deste, en horas de oficina e **durante o prazo de 3 días naturais, a contar desde o día seguinte en que apareza publicado o anuncio-extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.**

Se o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax (Fax do Concello de nº 982141600) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

- Achegarse á instancia inescusablemente a seguinte documentación:

Fotocopia autenticada do DNI (no seu defecto, resgardo do DNI ou pasaporte).

Fotocopia autenticada da titulación requirida para o acceso ao posto.

Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na Base 2ª d) e e) ou, no seu caso, declaración contida no Modelo de Instancia adxunto ás presentes Bases.

Os méritos deberán acreditarse mediante fotocopia autenticada.

Copia compulsada do resgardo que xustifique o pago ao Concello de Foz na conta do BBVA 0182062620000001285, a cantidade de 30,00 euros, en concepto de

dereitos de exame. A non presentación e pago da taxa por dereitos de participación nos procesos selectivos dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do aspirante.

**Deberá presentarse declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade, de acordo co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou no caso de incorrer en algunha incompatibilidade declaración xurada da actividade/es, horario e retribucións**

- Expirado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía-Presidencia ditará Resolución no prazo máximo de dous días naturais, pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión e o prazo para a corrección da documentación. No caso de non existir aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso selectivo.
- Ademais deberá presentarse a documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais a considerar (orixinais ou copia autenticada) segundo o Baremo de méritos establecido na Base Quinta das presentes bases.

Aqueles méritos que non estean correctamente documentados ou non estean contemplados nas presentes bases, non serán tidos en conta polo tribunal de selección.

A experiencia profesional deberá acreditarse con certificados de empresa indicando posto e duración do contrato (orixinais ou fotocopia autenticada) **ou** contrato de traballo e **tamén** certificado da Seguridade Social (informe de vida laboral, orixinal ou fotocopia autenticada).

**CUARTA. Admisión de aspirantes e normas xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos.**

**4.1.-** Publicarase no taboleiro de edictos da Casa Consistorial e na páxina web do Concello, [www.concellodefoz.es](http://www.concellodefoz.es), a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a composición nominativa do tribunal cualificador cos titulares e suplentes e a convocatoria do tribunal para o baremo de méritos, así como a convocatoria para a realización das probas comprendidas dentro da fase oposición.

**4.2.-** Normas xerais no desenvolvemento do proceso de selección:

- Baixo ningunha circunstancia se facilitará información telefónica sobre prazos de presentación de instancias, documentación, listaxes de admisión de aspirantes, cualificacións obtidas ou similares. O Concello unicamente facilitará datas de publicación de diarios e localización de documentos informativos no taboleiro de Edictos. Calquera outra cuestión ou incidencia relativa ao desenvolvemento do proceso selectivo será resolta polo tribunal cualificador designado para o proceso selectivo.
- A documentación acreditativa dos méritos deberá estar presentada no prazo máximo de presentación de instancias, non podendo, durante o prazo de corrección de documentación, engadir como documentación novos méritos non presentados en dito prazo.
- A experiencia profesional deberá acreditarse con copia do contrato ou certificado de empresa, máis o informe de vida laboral.
- En relación á experiencia formativa considerarase unicamente válida a emitida por centros oficiais e/ou homologados.
- Os aspirantes serán convocados en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados polo Tribunal con absoluta liberdade de criterio, e deberán ir provistos do DNI. A non presentación dun aspirante á proba práctica no momento de ser chamados determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos a participar no mesmo e quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo.
- A orde de actuación dos aspirantes nos exercicios que non se podan realizar conxuntamente será por orden alfabético.

**QUINTA: Procedemento de selección.-** A selección realizarase mediante o sistema de Concurso-oposición, segundo o baremo establecido nas bases específicas de cada praza. O procedemento de selección dos aspirantes constará de dúas fases diferenciadas, celebrándose en primeiro lugar a fase de oposición, que será previa á de concurso. A puntuación total do proceso selectivo será a suma da puntuación obtida en cada fase.

Respecto á acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base segunda realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

**SEXTA: Tribunal cualificador.-** O Tribunal cualificador, que se clasifica na categoría 2ª do Anexo IV do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, estará constituído por cinco membros nomeados polo Sr. Alcalde-Presidente. A composición do Tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, onde se establece que o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e Secretario.

O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que se estimen pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas respectivas especialidades técnicas.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos membros presentes, todas as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nestas Bases e determinará a actuación procedente nos casos non previstos.

A abstención e recusación dos membros do órgano de selección se axustará ao previsto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A actuación do Tribunal axustarase estritamente ás Bases da Convocatoria.

**SÉTIMA.- Relación de seleccionados e presentación de documentos.-**Rematada a cualificación dos aspirantes determinarase a orde de clasificación definitiva, efectuada a cal o Tribunal, tendo en conta que o número de aprobados non pode superar o de prazas convocadas, publicará no lugar de celebración do último exercicio e no taboleiro de edictos da Corporación anuncio no que apareza o resultado final das probas, con expresión dos nomes e apelidos dos aspirantes que maior puntuación obtiveran e que por conseguinte se propoñen para o nomeamento, elevando dita proposta ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello como órgano competente da Corporación. Asemade elaborará una relación de reservas por orde de puntuación obtida por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia dos/as seleccionados/as durante o período polo que dura o contrato.

De producirse empate en dita cualificación definitiva, este dirimirase por aquel aspirante que alcanzase mellor puntuación na fase oposición. De persistir o empate resolverase por orde alfabética, iniciándose o escalafonamento pola orde de actuación establecido polo tribunal.

**Os aspirantes propostos están obrigados a presentar na Secretaría do Concello, dentro do prazo de dous días naturais seguintes ao de dita publicación, os documentos necesarios que se lle requiran polo Concello para formalizar o contrato de traballo. Aquelas persoas que estean desempeñando outra actividade retribuída deberán presentar neste mesmo prazo a autorización da organización contratante de compatibilidade, sen prexuízo do oportuno expediente de compatibilidade que se tramite no Concello de Foz para autorizar dita situación, no caso contrario, a persoa proposta non poderá ser nomeada.**

Se dentro do prazo indicado e salvo casos de forza maior, algún dos aspirantes propostos non presentara a súa documentación ou non reunira algún dos requisitos citados, non poderá ser nomeado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte nas probas. Neste caso o Sr. Alcalde efectuará nomeamento a favor do aspirante que, superando a puntuación mínima esixida en cada un dos exercicios da oposición, siga a orde de clasificación final ao proposto.

**OITAVA.- Incidencias.-**

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquelo que as contradigan, será

de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Excepto a convocatoria, que se publicará segundo o que se establece na base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano que convoca este.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poda exercitar calquera outro que considere procedente.

## MODELO DE INSTANCIA

D/Dona.....con D.N.I. nº.....con  
endereço.....C.P.....  
localidade.....e teléfono de contacto.....

**EXPÓN:**

Que tendo coñecemento da Convocatoria do proceso selectivo de (marcar cunha X)

- 1 praza de profesor de saxofón, por 18 horas á semana.
- 1 praza de profesor de percusión, por 14 horas á semana.
- 1 praza de profesor de piano, 28 horas á semana.
- 1 praza de profesor de vento-metal, por 14 horas á semana.
- 1 praza de profesor de clarinete, 14 horas á semana.
- 1 praza de profesor de violín, 7 horas á semana.

E declarando explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumprindo con todos os requisitos de acceso da Base 2ª .

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación: (marcar cunha X)

- D.N.I. autenticado.
- Titulación autenticada.
- Taxas dereito de exame.
- Documentación autenticada méritos.

**SOLICITA:** sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, D.N.I. e sinatura do/a aspirante:

**AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FOZ.**

**CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN POLO PROCEDUREMTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE PROFESOR DE VIOLÍN**

**PRIMEIRO: OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto desta convocatoria a cobertura polo sistema de concurso, a través das presentes Bases específicas dunha praza laboral temporal a tempo parcial de PROFESOR DE VIOLÍN pertencente ao grupo de cotización 2, cunha duración do contrato de traballo que abarcará dende o mes de outubro de 2017 ata o mes de xuño de 2018, duración do curso escolar na Escola Municipal de Música.

O horario de traballo establecerase polo Concello.

As retribucións económicas serán, por todos os conceptos incluído prorrogação de pagas extras, de 328,02 € brutos mensuais para a praza de 7 horas semanais.

Polo que o gasto do Concello, incluída a indemnización será:

<b>Salario</b>	<b>334.13108</b>	<b>=</b>	<b>3.036,51 €</b>
<b>S. Social</b>	<b>334.160000</b>	<b>=</b>	<b>966,87 €</b>

## **SEGUNDA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Ademais dos requisitos establecidos na Convocatoria e Bases Xerais será requisito de titulación a posesión do **título de grado medio ou equivalente na especialidade de violín.**

## **TERCEIRA: INSTANCIAS.**

O procedemento de presentación de instancias e a documentación que se deberá acompañar queda establecido na Convocatoria e Bases Xerais.

Ademais deberá presentarse a documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais a considerar (orixinais ou copia autenticada) segundo o Baremo de méritos establecido na Base Quinta das presentes bases.

Aqueles méritos que non estean correctamente documentados ou non estean contemplados nas presentes bases, non serán tidos en conta polo tribunal de selección.

## **CUARTA: PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.**

O proceso selectivo consistirá nun concurso-oposición.

Realizarase en primeiro lugar a fase de oposición.

A **fase de oposición** constará da realización dun ou varios casos prácticos relacionados co posto de traballo a desempeñar e de entre as materias relacionadas no anexo I destas bases específicas da convocatoria, acreditativas da idoneidade dos aspirantes ao posto de traballo ofertado, puntuándose de 0 a 10 e debendo acadarse para aprobar un mínimo de 5 puntos.

A **fase de concurso**, terá un valor, coma máximo, de 4,50 puntos do total do proceso selectivo e valoraranse os méritos presentados polos interesados con arranxo aos criterios de puntuación seguintes:

### **1.- Experiencia docente.**

1.1.- Por cada curso académico completo nunha Escola Municipal de Música ou Conservatorio, na mesma especialidade á ofertada ..... 0,75 puntos

1.2.- Por cada curso académico completo en Centro ou Institucións privadas, na mesma especialidade á ofertada.....0,50 puntos

1.3.- Por cada curso académico completo en Escolas Municipais de Música, Conservatorios ou Centros Públicos, en especialidade distinta á ofertada.... 0,20 puntos

1.4.- Por cada curso académico completo en Centros ou Institucións privadas, en especialidade distinta á ofertada.....0,10 puntos

A puntuación máxima que se poderá obter por este concepto é de 1,50 puntos.

### **2. Expediente académico.**

Valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico correspondente ao título esixido do modo que a continuación se indica:

2.1.- Dende 6,01 e ata 7,50...0,25 puntos

2.2.- Dende 7,51 e ata 10...0,75 puntos

O expediente académico acreditarase mediante certificación académica persoal no que consten as puntuacións obtidas en todas as materias e cursos esixidos para a obtención do título alegado; para a obtención da nota media nos casos en que non figure a expresión numérica completa aplicaranse as seguintes equivalencias:

Aprobado: Cinco puntos.

Notable: Sete puntos.

Sobresaínte: Nove puntos.

Matrícula de Honra: Dez puntos.

Aquelas cualificacións que conteñan a expresión literal "ben" considerarase equivalente a seis puntos, as de "apto" a cinco puntos e as de "convalidadas" non serán puntuables.

A puntuación máxima que se poderá obter por este concepto será de 0,75 puntos.

### **3. Concertos.**

Por cada concerto ..... 0,10 puntos.

Os concertos acreditaranse mediante fotocopia compulsada ou orixinal do programa do mesmo en que apareza o interesado.

A puntuación máxima neste apartado será de 0,75 puntos

#### **4. Outros Méritos.**

4.1.- Por título superior na especialidade á que se opta..... 0,75 puntos

4.2.- Por cada curso convocado polas Administracións Educativas, Universidades e Escolas de Música, relacionado coa especialidade á que se opta:

4.2.1.- de ata 10 horas...0,10 por curso

4.2.2.- de máis de 10 horas...0,20 por curso

4.2.3.- de máis de 20 horas...0,30 por curso

4.2.4.- de máis de 50 horas...0,50 por curso

4.2.5.- de máis de 100 horas... 1,00 por curso

4.2.6.- de máis de 200 horas... 1,50 por curso

En caso de non constar a duración dos mesmos en horas, se non en días, computaranse a razón de 4 horas por día.

A puntuación máxima que se poderá obter por estes conceptos será de 1,5 puntos.

### **ANEXO I MATERIAS COMÚNS**

Tema 1. - A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios fundamentais, dereitos e deberes: a súa garantía e suspensión. Principios reitores da Política Social e Económica. O Tribunal Constitucional: clases e efectos das sentenzas. Reforma Constitucional. A Coroa.

Tema 2. - As Cortes Xerais. Composición, atribucións e funcionamento. Elaboración das leis. Leis estatais e autonómicas. Relacións entre o Ordenamento estatal e os ordenamentos autonómicos. Os tratados internacionais, como normas de dereito interno, especial referencia aos tratados da CE.

Tema 3. - O Goberno e a Administración. Principios constitucionais da Administración. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. Órganos de control dependentes das Cortes: O Valedor do Pobo e o Tribunal de Contas. O poder xudicial.

Tema 4. - Organización territorial do estado. Principios xerais. As Comunidades Autónomas. Distribución de competencias. A Administración do Estado: organización central. O Estatuto de Autonomía de Galicia: aprobación e reforma. Estrutura e principios fundamentais.

Tema 5. - O réxime local español. A Administración Local na Constitución de 1978. O principio de autonomía: o seu significado e alcance. O réxime local español. A Administración Local na Constitución de 1978. O principio de autonomía: o seu significado e alcance.

Tema 6. - A organización municipal: principios fundamentais. Os órganos básicos: o Alcalde, Tenentes de Alcalde, pleno e comisión de goberno. Os órganos complementarios. O regulamento orgánico municipal. O estatuto dos membros das Corporacións Locais.

Tema 7. - Persoal ao servizo das entidades locais: equipos. Funcionarios de carreira de Administración Local. Funcionarios interinos. Persoal eventual e laboral. Oferta pública de emprego. Selección do persoal.

Tema 8.- Dereitos e deberes dos funcionarios. Réxime disciplinario. Responsabilidade civil e penal dos funcionarios. Réxime de incompatibilidades.

Tema 9. - O ordenamento xurídico administrativo: fontes. A constitución. Leis estatais e autonómicas: clases. Outras disposicións normativas con forza de lei. O regulamento: concepto, natureza e clases. Límites da potestade regulamentaria. Relacións entre o ordenamento xurídico estatal e os autonómicos. Principio de xerarquía e de competencia.

Tema 10. - O procedemento administrativo: concepto. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Os suxeitos. As fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación do procedemento administrativo. Responsabilidade da Administración. O uso oficial do galego.

Tema 11.- O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 12.- Facenda Local. Clases de tributos locais. Imposición e ordenación de tributos locais.

### **TEMAS ESPECÍFICOS**

TEMA 1.-Violín; antecedentes e evolución histórica dende as súas orixes ata a actualidade. Diferentes partes do instrumento, colocación e toma de contacto. Diferentes partes do arco, colocación e toma de contacto.

TEMA 2.- A técnica violinística; mecanismo, colocación, función e coordinación de movementos. Metodoloxía. O arco. Aspectos fundamentais do arco. Mantemento e conservación.

TEMA 3.- Pedagogía e conciencia corporal para a aprendizaxe do instrumento. Relaxación. Actividades a desenvolver.

TEMA 4.- Diferenzas interpretativas baseadas no desenvolvemento da man dereita. Metodoloxía e ensinanza progresiva.

TEMA 5.- Principios físicos da produción do son en instrumentos de corda frotada. Armónicos. Control do son: relación do punto de contacto, coa velocidade e presión do arco.

TEMA 6.- Diferentes técnicas violinísticas que modifican o fraseo musical. Técnica da man esquerda. Metodoloxía progresiva para a súa ensinanza.

TEMA 7.- Tecnoopatías nos instrumentos de arco. Técnicas e interpretación para o desenvolvemento do estudo armónico do violín.

TEMA 8.- Escola violinística na actualidade. Alumnado, metodoloxía, comparación coas escolas antigas. Ensinanza e pedagogía violinística en nenos e mozos. Obxectivos, métodos, materiais e actividades.

TEMA 9.- Estrutura e programación no ciclo básico do violín na escola de música. Estrutura e programación no ciclo medio de violín nunha escola de música. Estrutura e programación no ciclo ampliación de violín nunha escola de música.

TEMA 10.- A violería, a arte de construción de instrumentos de arco. Aspectos fundamentais na elección do instrumento e do arco. Reglaxe, conservación e cuidados.

TEMA 11.- Obxectivos, estrutura e metodoloxía das actividades grupais en ciclo básico de violín nunha Escola de Música. Obxectivos, estrutura e metodoloxía das actividades grupais no ciclo medio de violín e no ciclo de ampliación nunha Escola de Música.

TEMA 12.- O estudo do instrumento, orientación do traballo individual do alumno. Desenvolvemento da autonomía. Aportación ao desenvolvemento da técnica dos grandes violinistas.

TEMA 13.- Características do repertorio e interpretación violinística no periodo barroco.

TEMA 14.- Características do repertorio e interpretación violinística no periodo clásico.

TEMA 15.- Características do repertorio e interpretación violinística no periodo romántico.

TEMA 16.- Características do repertorio e interpretación violinística no periodo contemporáneo.

TEMA 17.- Motivación e proceso de aprendizaxe no alumnado adulto. Orientación e actividades para adultos nunha Escola de Música.

TEMA 18.- Actividades complementarias aplicadas ao violín nos diferentes ciclos das Escolas de Música. Novas tecnoloxías para a ensinanza do instrumento.

Tema 19.- Interrelación entre a clase de instrumento e as disciplinas teórico-prácticas que conforman o currículo.

Tema 20.- A análise como ferramenta fundamental para a clase de instrumento.

Tema 21.- A práctica de grupo no grao elemental. Programación das actividades colectivas neste nivel: Repertorio, conceptos relativos á linguaxe musical, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación, etc.

Tema 22.- A práctica de grupo nas ensinanzas profesionais.

Tema 23.- Programación das actividades colectivas neste nivel: Repertorio, conceptos relativos á linguaxe musical, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación, etc.

Tema 24.- A música de cámara nas ensinanzas profesionais.

Tema 25.- Programación desta materia: Repertorio, análise, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación, etc.

Tema 26.- A transposición. Transporte escrito e mental. Teoría do transporte.

Tema 27.- A análise musical. Principais métodos e criterios analíticos. Valoración da súa importancia na comprensión e a interpretación dunha peza.

Tema 28.- A forma musical. Conceptos formais básicos. Forma e xénero musical. Principais tipos de formas.

Tema 29.- A orquestra. Constitución, historia e evolución.

Tema 30.- A voz humana. Clasificación e características. Agrupacións vocais. Tipos de voces.

Tema 31.- Os intervalos musicais. Tipos e clasificación. Características. Consonancia e disonancia.

Tema 32.- A harmonía. Orixe e evolución. Fenómeno fisicoarmónico.

Tema 33.- O ritmo. Tipo. Pulso e métrica. Evolución na linguaxe musical. A afinación da escala.

Tema 34.- Principais agrupacións instrumentais na música occidental ao longo da historia.



Tema 35.- Orixes da música occidental. Grecia. Roma. A música cristiá primitiva.  
Tema 36.- O canto gregoriano. A súa historia e evolución.  
Tema 37.- A Música no Renacemento. A súa historia e evolución.  
Tema 38.- A Música no Barroco. A súa historia e evolución.  
Tema 39.- A Música no Clasicismo. A súa historia e evolución  
Tema 40.- A Música no Romanticismo. A súa historia e evolución  
Tema 41.- A Música no século XX en España.  
Tema 42.- O folclore e a música popular española.  
Tema 43.- O Claustro de Profesores.  
Tema 44.- O Consello Escolar. Constitución e competencias.  
Tema 45.- Departamentos Didácticos.  
Tema 46 -Órganos de Coordinación Pedagóxica.  
Tema 47.- Proba de Acceso a Ensinanzas Profesionais na L.O.E.  
Tema 48.- A Titoría na L.O.E.

## **CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE PROFESOR DE VENTO METAL**

### **PRIMEIRO: OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto desta convocatoria a cobertura polo sistema de concurso, a través das presentes Bases específicas dunha praza laboral temporal a tempo parcial de **PROFESOR DE VENTO METAL**, pertencente ao grupo de cotización 2, cunha duración do contrato de traballo que abarcará dende o mes de outubro de 2017 ata o mes de xuño de 2018, duración do curso escolar na Escola Municipal de Música.

O horario de traballo establecerase polo Concello.

As retribucións económicas serán, por todos os conceptos, incluído prorrateo de pagas extras, de 655,87 € brutos mensuais para a praza de 14 horas semanais.

Polo que o gasto do Concello, incluída a indemnización será:

<b>Salario</b>	<b>334.13108</b>	<b>=</b>	<b>6.071,49 €</b>
<b>S. Social</b>	<b>334.160000</b>	<b>=</b>	<b>1.933,20 €</b>

### **SEGUNDA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Ademais dos requisitos establecidos na Convocatoria e Bases Xerais será requisito de titulación a posesión do **título de grado medio ou equivalente na especialidade de VENTO METAL**.

### **TERCEIRA: INSTANCIAS.**

O procedemento de presentación de instancias e a documentación que se deberá acompañar queda establecido na Convocatoria e Bases Xerais.

Ademais deberá presentarse a documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais a considerar (orixinais ou copia autenticada) segundo o Baremo de méritos establecido na Base Quinta das presentes bases.

Aqueles méritos que non estean correctamente documentados ou non estean contemplados nas presentes bases, non serán tidos en conta polo tribunal de selección.

### **CUARTA: PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.**

O proceso selectivo consistirá nun concurso-oposición.

Realizarase en primeiro lugar a fase de oposición.

A **fase de oposición** constará da realización dun ou varios casos prácticos relacionados co posto de traballo a desempeñar e de entre as materias relacionadas no anexo I destas bases específicas da convocatoria, acreditativas da idoneidade dos aspirantes ao posto de traballo ofertado, puntuándose de 0 a 10 e debendo acadarse para aprobar un mínimo de 5 puntos.

A **fase de concurso**, terá un valor, coma máximo, de 4,50 puntos do total do proceso selectivo e valoraranse os méritos presentados polos interesados con arranxo aos criterios de puntuación seguintes:

#### **1.- Experiencia docente.**

1.1.- Por cada curso académico completo nunha Escola Municipal de Música ou conservatorio, na mesma especialidade á ofertada.....0,75 puntos

- 1.2.- Por cada curso académico completo en Centro ou Institucións privadas, na mesma especialidade á ofertada.....0,50 puntos  
1.3.- Por cada curso académico completo en Escolas Municipais de Música, Conservatorios ou Centros Públicos, en especialidade distinta á ofertada.... 0,20 puntos  
1.4.- Por cada curso académico completo en Centros ou Institucións privadas, en especialidade distinta á ofertada.....0,10 puntos

A puntuación máxima que se poderá obter por este concepto é de 1,50 puntos.

## **2.-Expediente académico.**

Valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico correspondente ao título esixido do modo que a continuación se indica:

- 2.1.- Dende 6,01 e ata 7,50      0,25 puntos  
2.2.- Dende 7,51 e ata 10      0,75 puntos

O expediente académico acreditarase mediante certificación académica persoal no que consten as puntuacións obtidas en todas as materias e cursos esixidos para a obtención do título alegado; para a obtención da nota media nos casos en que non figure a expresión numérica completa aplicaranse as seguintes equivalencias:

Aprobado: Cinco puntos.

Notable: Sete puntos.

Sobresáinte: Nove puntos.

Matrícula de Honra: Dez puntos.

Aquelas cualificacións que conteñan a expresión literal “ben” consideraranse equivalente a seis puntos, as de “apto” a cinco puntos e as de “convalidadas” non serán puntuables.

A puntuación máxima que se poderá obter por este concepto será de 0,75 puntos.

## **2. Concertos.**

Por cada concerto ..... 0,10 puntos.

Os concertos acreditaranse mediante fotocopia compulsada ou orixinal do programa do mesmo en que apareza o interesado.

A puntuación máxima neste apartado será de 0,75 puntos

## **3. Outros Méritos.**

4.1.- Por título superior na especialidade á que se opta 0,75 puntos

4.2.- Por cada curso convocado polas Administracións Educativas, Universidades e Escolas de Música, relacionado coa especialidade á que se opta:

- 4.2.1.- de ata 10 horas 0,10 por curso  
4.2.2.- de máis de 10 horas 0,20 por curso  
4.2.3.- de máis de 20 horas 0,30 por curso  
4.2.4.- de máis de 50 horas 0,50 por curso  
4.2.5.- de máis de 100 horas 1,00 por curso  
4.2.6.- de máis de 200 horas 1,50 por curso

En caso de non constar a duración dos mesmos en horas, se non en días, computaranse a razón de 4 horas por día.

A puntuación máxima que se poderá obter por estes conceptos será de 1,5 puntos.

## **ANEXO I MATERIAS COMÚNS**

Tema 1. - A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios fundamentais, dereitos e deberes: a súa garantía e suspensión. Principios reitores da Política Social e Económica. O Tribunal Constitucional: clases e efectos das sentenzas. Reforma Constitucional. A Coroa.

Tema 2. - As Cortes Xerais. Composición, atribucións e funcionamento. Elaboración das leis. Leis estatais e autonómicas. Relacións entre o Ordenamento estatal e os ordenamentos autonómicos. Os tratados internacionais, como normas de dereito interno, especial referencia aos tratados da CE.

Tema 3. - O Goberno e a Administración. Principios constitucionais da Administración. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. Órganos de control dependentes das Cortes: O Valedor do Pobo e o Tribunal de Contas. O poder xudicial.

Tema 4. - Organización territorial do estado. Principios xerais. As Comunidades Autónomas. Distribución de competencias. A Administración do Estado: organización central. O Estatuto de Autonomía de Galicia: aprobación e reforma. Estrutura e principios fundamentais.

Tema 5. - O réxime local español. A Administración Local na Constitución de 1978. O principio de autonomía: o seu significado e alcance. O réxime local español. A Administración Local na Constitución de 1978. O principio de autonomía: o seu significado e alcance.

Tema 6. - A organización municipal: principios fundamentais. Os órganos básicos: o Alcalde, Tenentes de Alcalde, pleno e comisión de goberno. Os órganos complementarios. O regulamento orgánico municipal. O estatuto dos membros das Corporacións Locais. Tema 7. - Persoal ao servizo das entidades locais: equipos. Funcionarios de carreira de Administración Local. Funcionarios interinos. Persoal eventual e laboral. Oferta pública de emprego. Selección do persoal.

Tema 8.- Dereitos e deberes dos funcionarios. Réxime disciplinario. Responsabilidade civil e penal dos funcionarios. Réxime de incompatibilidades.

Tema 9. - O ordenamento xurídico administrativo: fontes. A constitución. Leis estatais e autonómicas: clases. Outras disposicións normativas con forza de lei. O regulamento: concepto, natureza e clases. Límites da potestade regulamentaria. Relacións entre o ordenamento xurídico estatal e os autonómicos. Principio de xerarquía e de competencia.

Tema 10. - O procedemento administrativo: concepto. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Os suxeitos. As fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación do procedemento administrativo. Responsabilidade da Administración. O uso oficial do galego.

Tema 11.- O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 12.- Facenda Local. Clases de tributos locais. Imposición e ordenación de tributos locais.

### **TEMAS ESPECÍFICOS**

Tema 1.- A especialidade de trompeta na Comunidade autónoma de Galicia. Plan de estudos no grao elemental e profesional da LOE. Materias e tempos lectivos. Principios metodolóxicos e avaliación.

Tema 2.- Materias propias da especialidade de trompeta. A materia de conxunto e o seu currículo. Influencia no desenvolvemento integral do alumno.

Tema 3.- Materias propias da especialidade de trompeta. A materia de música de cámara e o seu currículo. Influencia no desenvolvemento integral do alumno.

Tema 4.- Desenvolvemento da técnica trompetista no grao elemental e profesional. Produción do son. A emisión e o seu mecanismo. Realización técnica dos diversos tipos de articulación. A respiración diafragmática. A columna do aire. Descrición do aparato respiratorio.

Tema 5.- Interpretación en público como parte do progreso de ensino-aprendizaxe. Medo escénico. Recursos e principios metodolóxicos na trompeta. A súa influencia no desenvolvemento integral do alumno.

Tema 6.- A trompeta. As súas orixes e evolución histórica dende os seus principios ata os nosos días. Evolución técnica dende os seus orixes ata a actualidade. Descrición dos elementos característicos da trompeta actual.

Tema 7.- A trompeta como tubo sonoro. Funcionamento acústico da trompeta. Inxección do sistema de válvulas e pistóns e a súa aplicación aos instrumentos de vento-metal. Aerófonos.

Tema 8.- Función da trompeta na orquestra sinfónica, repertorio. Instrumentos da familia da trompeta de uso actual, as súas características.

Tema 9.- As distintas partes da trompeta como instrumento. Mantemento e conservación da trompeta.

Tema 10.- Sistema de afinación da trompeta. Pitágoras, Holder, Zarlino e Temperamento igual de 12 notas.

Tema 11.- Extensión do instrumento. As sordinas: materiais, formas, tipos e modificación do son.

Tema 12.- Características referidas á evolución do estilo, da escritura instrumental e da interpretación, do repertorio de trompeta do renacemento e do barroco. Obras para trompeta solista, música de cámara e orquestra.

Tema 13.- A trompeta no Jazz. Características do repertorio e a súa interpretación. A trompeta e outros tipos de música popular.

Tema 14. Descrición e estudo comparado dos sistemas metodolóxicos máis importantes de iniciación ao instrumento.

Tema 15. Criterios didácticos para a selección do repertorio do nivel inicial.

Tema 16. A programación nos graos elemental e profesional. Criterios didácticos para a selección do repertorio.

Tema 17. Interrelación entre a clase de instrumento e as disciplinas teórico-prácticas que conforman o currículo.

Tema 18. A análise como ferramenta fundamental para a clase de instrumento.

Tema 19. A práctica de grupo no grao elemental. Programación das actividades colectivas neste nivel: Repertorio, conceptos relativos á linguaxe musical, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación, etc.

Tema 20. A práctica de grupo nas ensinanzas profesionais.  
Tema 21. Programación das actividades colectivas neste nivel: Repertorio, conceptos relativos á linguaxe musical, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación, etc.  
Tema 22. A música de cámara nas ensinanzas profesionais.  
Tema 23. Programación desta materia: Repertorio, análise, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación, etc.  
Tema 24. O piano como instrumento complementario para os alumnos non pianistas. Problemática específica, tendo en conta as características de idade e dedicación nestes elementos; adecuación da técnica e a programación ás súas necesidades.  
Tema 25. Principios de improvisación pianística. Aplicación á realización de cifrados e ao acompañamento de melodías.  
Tema 26. A transposición. Transporte escrito e mental. Teoría do transporte.  
Tema 27. O análise musical. Principais métodos e criterios analíticos. Valoración da súa importancia na comprensión e a interpretación dunha peza.  
Tema 28. A forma musical. Conceptos formais básicos. Forma e xénero musical. Principais tipos de formais.  
Tema 29. A orquestra. Constitución, historia e evolución.  
Tema 30. A voz humana. Clasificación e características. Agrupacións vocais. Tipos de voces.  
Tema 31. Os intervalos musicais. Tipos e clasificación. Características. Consonancia e disonancia.  
Tema 32. A harmonía. Orixe e evolución. Fenómeno fisicoarmónico.  
Tema 33. O ritmo. Tipo. Pulso e métrica. Evolución na linguaxe musical. A afinación da escala.  
Tema 34. Principais agrupacións instrumentais na música occidental ao longo da historia.  
Tema 35. Orixes da música occidental. Grecia. Roma. A música cristiá primitiva.  
Tema 36. O canto gregoriano. A súa historia e evolución.  
Tema 37. A Música no Renacemento. A súa historia e evolución.  
Tema 38. A Música no Barroco. A súa historia e evolución.  
Tema 39. A Música no Clasicismo. A súa historia e evolución.  
Tema 40. A Música no Romanticismo. A súa historia e evolución.  
Tema 41. A Música no século XX en España.  
Tema 42. O folclore e a música popular española.  
Tema 43. O Claustro de Profesores.  
Tema 44. O Consello Escolar. Constitución e competencias.  
Tema 45. Departamentos Didácticos.  
Tema 46. Órganos de Coordinación Pedagóxica.  
Tema 47. Proba de Acceso a Ensinanzas Profesionais na L.O.E.  
Tema 48. A Titoría na L.O.E.

O Alcalde,  
Javier Jorge Castiñeira

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE)